



## **SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COFRADÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON, FINANCIADA POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP), PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO:**

### ***“CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COFRADÍA DE PESCADORES DE PORTO DO SON (2021)”***

Estas axudas foron convocadas pola Consellería do Mar a través da Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (DOG Nº 121, 28.06.2021).

A Cofradía de Pescadores San Telmo de Porto do Son solicitou esta axuda para a realización do Proxecto citado con anterioridade e o cal ten como obxectivos os seguintes:

#### Obxectivo principal

Protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, contribuíndo de xeito sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos, para garantir una explotación responsable, equilibrada e sostible, que permita una viabilidade duradeira do sector pesqueiro e marisqueiro, así como a mellora das condicións de vida e traballo dos socios da Confraría que se dedican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e as súas especies.

#### Obxectivos específicos

- Contratación de dous Gardapescas Marítimos para a vixilancia e control do acceso aos recursos mariños. Así mesmo, coa finalidade de mellorar a coordinación e as condicións de seguridade dos efectivos de vixilancia, realizouse a adquisición de dous equipos de xeolocalización.
- Contratación dunha Asistencia Técnica para a xestión, seguimento e control dos recursos mariños.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DO MAR**

Dirección Xeral

de Desenvolvemento Pesqueiro



**UNIÓN EUROPEA**

Fondo Europeo Marítimo e de

Pesca (FEMP)

**PROXECTO: CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO DA COFRADÍA DE PESCADORES "SAN TELMO" DE PORTO DO SON (EXPEDIENTE PE209C – 2021F – 013)**

**ENTIDADE BENEFICIARIA: COFRADÍA DE PESCADORES "SAN TELMO" DE PORTO DO SON**

**IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 122.199,25 euros**

**PROGRAMA OPERATIVO FEMP 2014-2020**

**Proxecto cofinanciado polo FEMP nun 75%**